

INFORMACIÓN SOBRE A ELECCIÓN DO DELEGADO/A:

Funcións do delegado/a

1. Colaborar co profesorado e coa Xefatura de Estudos no mantemento da boa marcha do instituto.
2. Velar polo axeitado uso do material e instalacións do centro.
3. Propiciar a convivencia do alumnado co seu grupo.
4. Expoñer ao titor/a, ao equipo de profesores e á dirección as suxestións e reclamacións do grupo e curso que representa.
5. Asistir e ser voceiro dos problemas, dúbidas e inquietudes do grupo.
6. Informar aos compañeiros/as sobre as observacións e comentarios das reunións ás que asista como Delegado de grupo.
7. Informar aos representantes do Consello Escolar dos problemas da súa aula e ser informado sobre os temas tratados no Consello Escolar.
8. Tentar que tanto os dereitos coma os deberes do alumnado sexan respectados por todos.
9. Colaborar na planificación das actividades escolares e extraescolares do grupo.
10. Presidir o Consello de Aula (se se crea)

Cualidades do delegado/a

- RESPONSABILIDADE para poder desenvolver o seu cargo, cumprir as súas funcións e realizar actividades útiles para os seus compañeiros/as.
- RESPECTO para saber representar aos seus compañeiros/as e saber ser representante do profesorado perante o grupo; para aceptar as suxestións que lle presenten respectando a todos e facéndose respectar. Con esta actitude animará a marcha do grupo.
- APERTURA que lle permita comunicarse sen dificultade; para aceptar a todos acatando as decisións da maioría e conciliando as distintas posicións e opinións.
- DISPOÑIBILIDADE que lle facilite estar atento e disposto ante as necesidades do grupo.
- CONFIANZA que lle proporcione seguridade en si mesmo e no papel que debe desenvolver como delegado/a.
- COMPRESIÓN que lle facilite a cercanía cos compañeiros, saber interesarse e axudarlles nas súas dificultades.
- FIRMEZA na defensa dos intereses do grupo.
- ESPÍRITO EMPRENDEDOR que contribúa a propor e presentar iniciativas e alternativas na resolución de problemas e na marcha do curso.

Factores que condicionan o funcionamento positivo dos grupos:

- Ter intereses coúns.
- Ter unha finalidade común.
- Orde e as normas de funcionamento.
- Capacidade para analizar os problemas.
- Interese por participar na resolución de problemas.
- Sinceridade, confianza e respecto mutuo.
- Participación de todos e todas.
- Capacidade para aceptar posturas diferentes das propias.
- Colaboración entre compañeiros.
- Saber poñerse no lugar dos demais.
- Boa coordinación do delegado/a coa aula e o profesorado.
- Dispor de tempo suficiente para a comunicación.

NORMAS PARA A ELECCIÓN DE DELEGADOS/AS

1. As eleccións para designar representantes do alumnado serán convocadas e coordinadas polo titor/a e a Xefa de Estudos.
2. O nomeamento terá a duración do ano académico e o cesamento producirase con anterioridade do período sinalado polas seguintes causas:
 - Traslado do interesado/a.
 - Dimisión do interesado/a
 - Petición dos 2/3 do alumnado do grupo, previa aprobación do titor/a.
 - Apertura de expediente ao interesado/a
3. As reclamacións que puidesen producirse contra o desenvolvemento das sesións serán elevadas ao titor/a, que resolverá á vista das alegacións presentadas.
4. Cada grupo elixirá dous representantes, que serán o delegado/a e subdelegado/a respectivamente.
5. Poderán ser electores e elixidos todos os alumnos/a do grupo.
6. Os titores/as coordinarán o proceso electoral na hora de tutoría na aula do grupo.
7. A Mesa Electoral estará composta polos seguintes membros:
 - O titor/a como Presidente
 - Dous alumnos/as designados por sorteo: o máis novo actuará como Secretario para levantar a Acta que será arquivada polo titor/a, a Xefatura de Estudos ou o Departamento de Orientación.
8. O quórum esixible será de 2/3 do alumnado do grupo.
9. A votación será nominal e secreta. O Presidente chamará ao alumnado por orde de lista e recollerá as súas papeletas. En cada unha figurará soamente o nome dun alumno/a. Anularanse as papeletas que non cumpran ese requisito.
10. Se un alumno/a acadar máis do 50% dos votos emitidos, tanto el como o que lle siga en número de votos serán designados representantes do grupo.
Se na primeira votación ningún alumno/a acadar esta porcentaxe, efectuarase unha segunda votación entre os catro alumnos/as que obtiveran o maior número de votos, procedéndose a designar como representante aos que obteñan maior número de votos.
11. En caso de empate nun dos casos anteriores, realizarase unha votación entre os empatados/as